



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2020. (EXPEDIENTE 2021/G010/000001)**

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 13:35 horas do día 23 de decembro de 2020, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretario D. Miguel Piñeiro Souto e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

**Señores Asistentes:**

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

Concelleiros:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)  
Dna. Patricia Bello Canedo (PP)  
Dna. Rocío López Rey (PP)  
D. Jesús Souto Pena (PP)  
D. Ramiro Bello Recouso (PP)  
D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP)  
Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP)  
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)  
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)  
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)  
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)  
Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE)  
Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)  
D. José Martínez Ageitos. (PSOE)  
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)  
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG)

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade.

Seguidamente pásase o estudo dos asuntos incluídos na orde do día:

**1.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCIZO 2021.-**



O secretario da conta do ditame da sesión extraordinaria celebrada polo pola comisión informativa de Facenda celebrada o 18 de decembro do 2020 seguinte.

**“PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente os estados de gastos e ingresos do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico 2021, acompañados da memoria de alcaldía e do informe económico financeiro, co seguinte resumo por Capítulos:

### **ESTADO DE GASTOS**

<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
	<b>A) OPERACIÓN CORRENTES</b>	
1	Gastos de persoal	1.991.047,18
2	Gastos en bens correntes e servizos	5.001.752,82
3	Gastos financeiros	3.000,00
4	Transferencias correntes	446.200,00
	<b>B) OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
6	Investimentos reais	863.000,00
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>8.305.000,00</b>

### **ESTADO DE INGRESOS**

<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
	<b>A) OPERACIÓN CORRENTES</b>	
1	Impostos directos	2.457.000,00
2	Impostos indirectos	85.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.492.271,37
4	Transferencias correntes	3.941.093,57
5	Ingresos patrimoniais	100,00
	<b>B) OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
7	Transferencias de capital	329.535,06
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>8.305.000,00</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar inicialmente as Bases de Execución do orzamento, que conteñen no seu apartado 21º a modificación do acordo plenario de 21 de xuño de 2019 en relación coas retribucións das dedicacións exclusivas, o Anexo de Personal, o Anexo de Investimentos e o Estado da Débeda.

**TERCEIRO.-** Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**CUARTO.-** *Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Municipal para o ano 2021 e o Cadro de Persoal aprobados polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.*

**QUINTO.-** *Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.*

**SEXTO.-** *Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

*A seguir prodúcense as seguintes intervencións:*

*Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE), toma a palabra para anticipar a súa abstención DO mesmo xeito D. Xoán Manoel Sande Muñiz. Do grupo municipal do BNG*

*Acto seguindo sométese o asunto a votación sendo aprobado por maioría **con seis(6) votos a favor** : Cristina Vieites Calvo, (PP) Dª Adelina Liste Monelos (PP) , Xosè Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP) e tres abstencións de Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG).”*

Xoan Manoel Sande Muñiz (BNG) toma a palabra indicando que o Orzamento incrementase en 70.000 euros respecto ao 2020. Desgranando o mesmo indica que hai subida no capítulo IV correspondente as Transferencias Correntes polas aportacións da Deputación e pola decisión do goberno de que esa aportación da Deputación se destine maioritariamente a gasto corrente. A continuación sinala que Deputación aporta mais de un millón de euros a este Orzamento e o Plan Único que tanto criticou o PP é o que permite aprobar o Orzamento mais alto da historia da Laracha. En canto aos gastos, o Capítulo I que corresponde ao 24%, hai un incremento do 0,9% para o persoal e membros do Goberno. No tocante aos Investimentos, redúcese a previsión do 2020 polo que o Goberno municipal adica dous tercios a Gasto corrente e solo un tercio a Investimento polo que a capacidade de Investimento redúcese. A designación aos Grupos Políticos incrementase, algo que nos renunciamos e poderíase dedicar a Gasto Social e só hai política de fomento do emprego nunha partida ridícula, con toda a profunda crise en todos os sectores e non hai nada de nada. Critica que nun momento coma este había que apoiar mais ao comercio local, algo mais que un vídeo cutre. Vimianzo aprobou un Plan con tarxetas para gastar no comercio local, ao igual que Carballo, que proporcionou un impulso ao comercio local, así como as actividades de lecer para a poboación.

Un goberno que continúa nun réxime de dedicación exclusiva e asesores, algo que non se xustifica.

María Palomi Rodríguez Castiñeiras (PSOE), agradece a todo o persoal que loitou contra a Covid 19. É o primeiro ano que sen limitación no teito de gasto polo que se esperaba un Orzamento que recuperase o tempo perdido en política de emprego. Pero desaproveitase esta ocasión. Engade que tendéronlle a man para que a súa elaboración fora consensuada coa oposición para loitar contra a Covid´19, pero presentaron un orzamento *in extremis* pero aínda así continuístas. Tras a lectura do Orzamento, conclue que é apartado da realidade. É un copia/pega. Insiste en que son necesarias políticas de reactivación económica e política de emprego e tampouco cumpre co rigor técnico e segundo o informe do Interventor que advirte “*que se comproba a dotación de créditos para afrontar*



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*o correspondente recoñecemento extraxudicial de obrigas que non serán recoñecidas en 2020 por falta de crédito orzamentario. Neste punto debe recordarse que os recoñecementos extraxudiciais de crédito deberían ter carácter excepcional, non habitual.” e conclúe que logo estamos en que se cumpra a legalidade vixente. Tamén advirte o Interventor que o Alcalde e Concelleiros con dedicación deben actuar coa prudencia nos contratos menores e acudir ao departamento económico e solicita que sexan prudentes, que xestionan cartos de todos e todas que defendan un modelo público de calidade, programas inversións segundo as prioridades. Engade que botan en falta propostas mais ambiciosas que axuden cos problemas do noso pobo: tanto en emprego, economía e cultura se botan en falta que se pense mais nas persoas e nos problemas e non solo en asfaltar todo. Por outra banda propón que se deberían dar axudas de concorrència competitiva e non nominativas e que son necesarias propostas innovadoras que se adapten as necesidades reais e as persoas de hoxe en día. Finalmente tende a man ao equipo de Goberno para realizar políticas para a situación de emerxencia social e sanitaria que se padece e, por todo o exposto, non apoian este Orzamento.*

O sr. alcalde, José Manuel López Varela, toma a palabra para agradecer aos servizos económicos e ao Interventor en especial pola preparación de estes Orzamentos e traelos no exercicio anterior. Falábase de realizalos “in extremis” pero somos os primeiros da provincia en traélos. Critica que os arguemntos do BNG son os mesmos cada ano e que os do PSOE poderían valer para calquer outro Concello. Sinala que hai que ter moita prudencia para prever ingresos. En canto ao tema da Deputación, aclara que criticouse o Plan Único porque recibimos menos que no exercicio anterior, nada mais. Son contas abertas a posibles modificacións que se produzan ao longo do ano polo que o importante é a liquidación final na que se crean as aportacións de outra administracións que permiten facer outro tipo de iniciativas. Afirma que sí hai políticas de promoción de emprego, como tamén hai políticas tributarias de conxelación de taxas e impostos no mínimo da Lei, por exemplo a IBI Urbana, estamos no porcentaxe do 0,4, o mínimo marcado por Lei, outros concellos están no 0,6 ou 0,7. De seguido sinala que política non só é esa, e que no Capítulo II (o 60% do Orzamento Inicial) están os principais servizos: auga, alumeados, .... que supoñen uns 5 millóns de euros. En canto ao Capítulo de Investimentos é o que mais aumentará coa incorporación de remanentes e de transferencias de outros programas, é así ano tras ano. Continúa dicindo que hai unha actividade demandada que iba non noso programa: construción de unha pista de skate e dúas pistas polideportivas e que estas semanas esperase que saia a obra de zona de aparcamento e acceso do IES, parece que non lle gustan á portavoz do PSOE os asfaltados, pero a xente o que quere é iso tamén, investir no pobo. En canto ao POS sinala que é moito mais rápido e efectivo destinalo a Gasto corrente porque eses fondos non hai que sometelos aos procedementos da Deputación, e a non ter que esperar tantos prazos tendo as obras esperando. No Capítulo I incrementase polo aumento do 0,9% comentado e incorpórase os proxectos pola pandemia, que se incorporarán a día 1 a 2 de xaneiro. Cultura e Deporte hai que esperar a evolución da pandemia. Non hai apenas subvencións nominativas, case todas van a concorrència competitiva e hai clubs que non iniciaron a competencia. Todo depende da evolución da pandemia. Apoianse aos estudantes, coas axudas ao materia escolar e material informático. En canto as previsións, é un Orzamento inicial que pode sufrir moitas modificacións ao longo do ano. Preocupa o tema Covid, autónomos, etc, apoiar ao comercio, ao tecido empresarial, pero tamen hai outras administracións, o Concello é o irmán pequeno. Conclúe que son os Orzamentos mellores que se poden presentar hoxe en día, non hai unha subida de impostos e todo o mundo contará co apoio do Concello nestes momentos de pandemia. O Capítulo II sube, porque o servizo de recollida do lixo se mellerou pero aos cidadáns non se lle sube a taxa. Finalmente sinala que coa Deputación e a Xunta estanse presentado proxectos importantes, chamamos a todas as portas en busca de axudas.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Xoan Manoel Sande Muñiz (BNG) toma de novo a palabra insistindo en que o Orzamento está coxo e no fomento do emprego solo hai unha partida de 50.000 euros e que o de Montes Claros non era sen tempo.

O sr. Alcalde contesta que non vexo moitos Concellos adquirindo patrimonio municipal e que hai que poñelo en valor. A idea é ter un proxecto en xullo/agosto e iniciar algunha actuación. Tamén no menhir de Erboedo, que pode ser a próxima semana. Da conta de que hoxe celebrouse Xunta de Goberno Local e aprobamos a expropiación da Carballeira de San Fins, algo autóctono que se quere conservar e o Obradoiro de emprego terá alí unha actividade específica.

Xoan Manoel Sande Muñiz (BNG) fai referencia ao outorgamento das axudas para os autónomos.

O sr. Alcalde indica que se están pagando, hoxe foi a XGL outra tanda de axudas.

Toma a palabra o Interventor para indicar que foron 50 axudas outorgadas, a idea é que na próxima Xunta de Goberno Local de poidan levar do total de 200, todos os que cumbran.

O alcalde indica que respecto ao Plan Reactiva da Deputación ampliouse o prazo, hai moitas solicitudes, 175.

Posteriormente sométese o asunto a votación e resulta **aprobado por maioría absoluta con once (11) votos** a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis (6) en contra: Dna. María Palomí Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

## **2.- CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVI-19.-**

### **Expte num: 2020/A006/000002**

O alcalde, José Manuel López Varela, da lectura á proposta de alcaldía de acordo ao establecido nos artigos 97.2 e 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

#### **-EXPOSICIÓN**

A urxencia na aprobación do presente convenio ven dada polo prazos impostos polo ente proponente do mesmo, inicialmente ata o 15 de decembro e posteriormente ampliado ata o 30 de decembro do presente ano.

#### **-ANTECEDENTES.**



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta a todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

Neste sentido, o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia, aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, coa conseguinte asunción da dirección do Plan e de todas as actividades de emerxencia polo titular da presidencia da Xunta de Galicia, de acordo co previsto neste.

Polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dentro das medidas previstas para facer fronte á situación ocasionada pola extensión do COVID-19. A declaración afectou a todo o territorio nacional por un período inicial de quince días naturais que foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados. Tras o período inicial de quince días naturais e o correspondente á primeira e á segunda prórroga do estado de alarma, iniciouse, durante a terceira prórroga, un proceso de redución progresiva das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade, do contacto social e do exercicio de actividades establecidas na versión inicial do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en especial con motivo da aprobación, polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril, do Plan para a transición cara unha nova normalidade. No dito plan se contemplaba un proceso gradual de volta á normalidade dividido en catro fases: unha fase cero ou preliminar e tres fases de desescalada, diferenciadas en función das actividades permitidas en cada unha delas, polas que poderían transitar os diferentes territorios en función de diversos criterios e indicadores ata chegar á denominada “nova normalidade”, na que se poría fin ás medidas de contención, pero se mantería a vixilancia epidemiolóxica, a capacidade reforzada do sistema sanitario, e as medidas de protección persoal da cidadanía.

Seguindo así mesmo ao Consello Consultivo de Galicia, se os incumprimentos das medidas de prevención e hixiene recollidas no Capítulo II do Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, son subsumibles nalgún dos supostos-tipo de infracción definidos legalmente como infraccións administrativas en saúde pública, e se eses incumprimentos se poñen de manifesto no ámbito ao que alcanza a competencia dos concellos, que inclúe en relación ao obrigado cumprimento das normas sanitarias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transporte, e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, entón corresponderá a eses concellos " a instrución e resolución dos procedementos sancionadores que procedan".

Adicionalmente, o artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade atribúe aos concellos certas competencias en materia de sanidade en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios e, particularmente, no control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes , ao igual que no control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

No mesmo sentido, o artigo 80.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia atribúe aos concellos, entre outras competencias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes que impacten na saúde da súa cidadanía e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente dos centros de alimentación, salóns de peiteado,



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

saunas e centros de hixiene persoal, hotéis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade física, deportiva e de recreo.

En consecuencia, por virtude do previsto no artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, e do artigo da Lei 8/2008, do 10 de xullo, os concellos teñen a obriga de exercer tales controis en relación ao obrigado cumprimento das medidas de prevención aprobadas pola Administración autonómica galega para a loita contra o COVID- 19.

O artigo 11 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a encomenda de xestión permitindo que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos pode ser encomendada a outros órganos da mesma ou distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

De conformidade co exposto, a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias(en diante FEGAMP) acordaron realizar un convenio para instrumentar a encomenda de xestión, polos distintos concellos galegos, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa asumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

Visto os informes de secretaría e intervención de 18 de decembro do 2020, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adherirse ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o Covid-19

**SEGUNDO.-** Notificar o acordo a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

O alcalde indica que é un convenio tipo da Xunta de Galicia e a Fegamp para a realización do expedientes derivados da Covid. Matiza que acabase de contratar unha persoa, pero entre as axudas, documentación etc. hai moito traballo. Critica que estas sancións as deberían realizar outros organismos cando as restricións as marcan eles e non o concello, polo que non ten moito sentido que as asine o alcalde.

María Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) solicita unha aclaración correspondente á cláusula II, punto 8 no tocante a que o Concello non recauda o 100%

O alcalde responde que non se sabe cal é a recaudación exacta. Tamen hai que agradecer a labor de información e orientación pola Policía Local e se non é así, non queda mais remedio sancionar. Sinala que lle gustaría que a Xunta non cobrase nada, pero pasa o mesmo coa deputación na recaudación de impostos.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Sometido o ditame a votación **resulta aprobado por unanimidade con dezasete (17) votos a favor** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

**REMATE DA SESIÓN.-**

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14:24 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión, agradecendo a asistencia sesión convocada de urxencia, estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretario, dou fé.

O Secretario,

O Sr. Alcalde-presidente,